

Que tal rapaces? Un día máis para facer algo de música e un día menos para rematar o curso, que queda... **moi pouquiño!!!!**
Hoxe imos rematar o traballo que empezamos dos instrumentos populares galegos, cos da familia de.....PERCUSIÓN.

*Para calquera duda tedes o meu correo “blancopena@edu.xunta.es”, a aula virtual ou a través do voso tutor@.

1º-2º PRIMARIA

INSTRUMENTOS POPULARES GALEGOS DE PERCUSIÓN


Todos os que imos ver son de percusión, porque para que produzan o seu son, teño que percutilos ou golpealos suavemente. Pero en función do material que percuto, podemos falar de:

PEL OU PARCHÉ. Golpeo suavemente a pel para producir o son.


PANDEIRETA



PANDEIRO CADRADO



BOMBO



TAMBORIL



SEN PEL. Golpeo outro material como pode ser, a madeira, o metal, cuncha.....

CHARRASCO



CUNCHAS



CULLERES



TARRAÑOLAS



Nesta dirección escoitarás como soan algún deles e outros que son moi curiosos. É un vídeo feito por un grupo musical galego de Pontedeume que se chama “Faltriqueira”

https://www.youtube.com/watch?v=t_RdZN1w4G4

Para rematar colorea estes instrumentos e ponlle o nome debaixo. Como non tes que imprimir podes debuxalos tí.

